



IV CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA POLO PARKINSON REGULAMENTO

1. OBXECTO

Este regulamento ten por obxecto regular a celebración da IV edición da "Carreira e andaina solidaria polo parkinson", que ten prevista a súa celebración o sábado 10 de maio de 2025.

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A "Carreira e andaina solidaria polo parkinson" é unha actividade organizada pola Asociación Parkinson Galicia-Coruña consistente nunha carreira e unha andaina polo paseo marítimo do Burgo (Culleredo), das distancias que se describen no presente regulamento, a celebrar na mañá do sábado 10 de maio do 2025. Toda a información sobre a actividade pode atoparse en <https://parkinsongaliciacoruna.org/> e en <https://www.facebook.com/parkinsongaliciacoruna>

3. MODALIDADES, DISTANCIAS E DESNIVEIS

A actividade conta con dúas modalidades: unha carreira de 10 quilómetros, e unha andaina de 4 quilómetros. Os planos dos percorridos serán publicados antes da proba a través da páxina web da Asociación Parkinson Galicia-Coruña.

4. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN E HORARIOS

A carreira é a única modalidade competitiva do evento, e contará con dúas categorías, masculina e feminina, abertas á participación de calquera persoa maior de idade.

A andaina é unha modalidade non competitiva e está aberta á participación de persoas de calquera idade. Para as dúas modalidades establécense as 10.30 horas como horario de saída.

5. PROCESO DE INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse unicamente a través das páxinas web www.emesports.es

6. PRAZO DE INSCRICIÓN E PRAZAS DISPOÑIBLES

O prazo de inscricións pechará o 30 de abril do 2025 ou cando se cubran todas as prazas dispoñibles para cada unha das modalidades, que se fixan nun total de 700. A organización resérvase a posibilidade de incrementar ou reducir o número de prazas ofertadas durante o periodo de inscrición.

7. PREZO DE INSCRICIÓN

As inscricións terán un prezo de 12 euros para as e os adultos, e 6 euros para as nenas e nenos menores de 12 anos.

8. DORSAL CERO

Polo carácter solidario da actividade habilitarase a posibilidade de adquirir un "Dorsal Cero", co mesmo prezo que o da inscrición xeral, que non dará dereito á participación na carreira nin na andaina.

9. DEREITOS ASOCIADOS Á INSCRICIÓN

Coa inscrición á cada participante estará cuberto por un seguro de accidentes con coberturas asociadas a calquera dano físico individual que se produza desde o comezo e ata o remate da actividade. Ademais, cada participante recibirá un dorsal (con sistema de cronometraxe integrado para a modalidade de carreira), e un agasallo conmemorativo, ademais dos servizos que se describen no presente regulamento.

10. DEREITO DE ADMISIÓN

A organización resérvase o dereito de admisión. As persoas que intenten participar co dorsal doutra persoa non poderán tomar a saída.

11. PERCORRIDOS E AVITUALLAMENTOS

Os percorridos, das distancias sinaladas, estarán sinalizados a través de cintas de balizaxe e outro tipo de sinalética.

As e os participantes contarán con servizos de avituallamento ao longo dos percorridos. A organización permite a posibilidade de que cada participante asista co seu propio avituallamento líquido ou sólido.

12. PUNTOS DE CONTROL

A organización resérvase a posibilidade de establecer puntos de control, ao seu criterio, para a comprobación do paso das e dos participantes polo percorrido sinalado, así como límites horarios para garantir a seguridade tanto das e dos participantes como das e dos membros da organización.

13. SEGURIDADE

A organización situará en determinados puntos do percorrido a persoal especializado encargado de coidar da seguridade das e dos participantes. É obrigatorio atender ás indicacións deste persoal, que estará identificado. É tamén obrigatorio ofrecer auxilio a calquera participante que o demande.

14. ASISTENCIA MÉDICA E ACCIDENTES

A proba contará con servizo de ambulancia medicalizada na zona de saída e meta, para a atención que precisen as e os participantes. No caso de accidente, independente da gravidade dos mesmos, calquera participante está obrigado a comunicalo ao persoal da organización no menor tempo posible.

15. ABANDONO

Nos casos de abandono voluntario será obrigatoria a comunicación no menor tempo posible ao persoal da organización no percorrido, e a atención ás indicacións que se reciban para a volta á zona de saída e meta. A organización poderá obrigar ao abandono da proba cando considere que calquera participante poida ter minguadas as súas capacidades físicas ou técnicas por causa da fatiga ou o desgaste, garantindo así a súa seguridade. No caso de que decida continuar, será unicamente baixo a súa responsabilidade e fóra de toda vinculación coa actividade e a súa organización.

16. DORSAIS

As e os participantes deberán levar en todo momento os dorsais facilitados pola organización, visibles, sen recortar, dobrar nin modificar.

Os dorsais entregaranse antes do comezo da proba, nos horarios que se indiquen na páxina web <https://parkinsongaliciacoruna.org/>, en <https://www.facebook.com/parkinsongaliciacoruna>, ou que se notifiquen por correo electrónico ás e os participantes.

17. CRONOMETRAXE

A carreira será cronometrada de xeito electrónico pola empresa Emesports.

18. MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

Establécense os seguintes motivos de descalificación:

- Non respectar o itinerario sinalizado para atallar
- Impedir ser adiantado ou obstaculizar voluntariamente a outra ou outro participante
- Non atender ás indicacións da organización
- Non levar posto o dorsal
- Modificar ou retirar as sinalizacións do percorrido
- Provocar calquera tipo de incidente (agresión ou insulto) a unha ou un participante, membro da organización ou espectadora ou espectador.
- Provocar un accidente de forma voluntaria
- Participar baixo unha identidade falsa ou suplantando a outra persoa
- Non ofrecer auxilio a unha ou os participantes con dificultades
- Tirar lixo voluntariamente durante o percorrido

18. RESPONSABILIDADES

Cada persoa inscrita participa baixo a súa responsabilidade. É súa a decisión de tomar a saída.

No sentido anterior, recoméndase a realización das revisións médicas oportunas para a comprobación da capacitación para a práctica deportiva.

19. RESULTADOS

Os resultados da carreira serán publicados pola empresa Emesports na zona de saída e meta ao remate da proba, e a través da web www.emesports.es

20. TROFEOS E CERIMONIA DE ENTREGA DE PREMIOS

Recibirán un trofeo as persoas clasificadas nas tres primeiras posicións de cada modalidade a partir dos resultados. Ao remate da proba, celebrarase unha cerimonia de entrega de trofeos, na que se fará entrega dos mesmos.

21. RECLAMACIÓNS

Calquera reclamación sobre os resultados da carreira deberá formularse verbalmente nas dúas seguintes ao remate da proba á empresa de cronometraxe.

22. CANCELACIÓN

No caso de condicións meteorolóxicas adversas a organización resérvase o dereito de cancelar ou aprazar a proba. No caso de cancelación, o prezo da inscrición será reembolsado a todas e todos os participantes; porén, cando sexa comunicada cunha antelación menor de sete días en relación á data de celebración da actividade a organización resérvase o dereito de realizar un reembolso parcial, para cubrir os custos non recuperables. No caso de aprazamento, as e os participantes terán dereito á cancelación de balde da súa inscrición e ao reembolso do prezo da mesma.

23. DEREITOS DE IMAXE

As e os participantes ceden á Asociación Parkinson Galicia-Coruña o dereito a empregar calquera fotografía ou gravación na que apareza a súa imaxe, limitando o seu uso á comunicación e promoción desta ou doutras actividades organizadas pola entidade.

24. PROTECCIÓN DE DATOS

Ao inscribirse en calquera das modalidades da proba, as e os participantes consintan o tratamento dos seus datos por parte da Asociación Parkinson Galicia Coruña con CIF G15582224 e enderezo en Rúa Jazmines 10, Barrio das Flores, 15008 A Coruña, de forma automática, e con fins deportivos, promocionais ou comerciais. Atendendo á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, as e os participantes teñen o dereito de acceder aos ficheiros automatizados da Asociación Parkinson Galicia Coruña co obxectivo de modificar ou cancelar de forma total ou parcial o seu contido. A estes efectos, debe solicitarse por escrito nos correos electrónicos info@parkinsongaliciacoruna.org e delegadoprotecciondatos@prodasva.org; do mesmo xeito, as e os participantes ceden de forma expresa á organización o dereito de reproducir o seu nome e apelidos, clasificación e categoría.